



# ARIEM-112

Asistencia Recíproca Interrexional en  
Emerxencias



# Socios do proxecto ARIEM 112

- ▣ Axencia Galega de Emerxencias
- ▣ 112 Catilla y León- Agencia de Protección Civil y Consumo
- ▣ Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal



# Que é ARIEM 112

É un proxecto de carácter multirrexional, que ten como obxectivo o establecemento dun **mecanismo de colaboración entre os servizos de xestión e mobilización de recursos ante emerxencias na zonas implicadas**, mediante a implantación de ferramentas comúns (informáticas e de comunicacións), a formación e implantación de métodos e protocolos de intervención comúns a tódolos servizos.

En definitiva, trátase de **crear un espazo común en materia de xestión de emerxencias onde “todos axuden a todos”**



# Objetivos estratégicos

- ❑ O desenvolvemento dun programa conxunto para a **dotación de recursos materiais**, informáticos e de comunicacións.
- ❑ O desenvolvemento dun programa de **formación específica** dirixido aos profesionais do sector das emerxencias nas zonas implicadas.
- ❑ Establecemento de **mecanismos de mobilización e intercambio de recursos** mobilizables entre as rexións implicadas.
- ❑ Fomento de actividades conxuntas para potenciar a cohesión, colaboración e intercambio de experiencia.
- ❑ **Minoración das disparidades** existentes entre territorios en relación aos recursos dispoñibles por parte dos seus servizos de emerxencia e salvamento.
- ❑ A **implementación duns protocolos de actuación** que permitan e faciliten a coordinación nas intervencións de emerxencias para facer fronte á situacións de risco no ámbito de acción conxunta.



# Orzamento e prazos

- ▣ Custo total do proxecto: 400.000,00 €
  
- ▣ Cofinanciación FEDER solicitada: 300.000,00 €
  
- ▣ Prazo de execución:
  - Inicio: 1 de xaneiro de 2011
  - Remate: 31 de decembro de 2012



# Fases do proxecto

- ▣ **1ª fase:** análise de métodos e modelos de xestión de emerxencia
- ▣ **2ª fase:** elaboración de protocolos de actuación e pactos de axuda mutua
- ▣ **3ª fase:** Implantación: dotación de recursos comúns, formación e simulacros
- ▣ **4ª fase:** Memoria e análise de cumprimento de obxectivos



# MARCO XURIDICO

- ▣ Como máis importantes destácanse as seguintes:
  1. **Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello Europeo de 11 de xullo de 2006** polo que se establecen as disposicións xerais relativas aos fondos estruturais e que contempla, para o obxectivo da cooperación territorial europea, a intensificación da cooperación transfronteriza a través do FEDER, e establece as zonas subvencionables.
  2. **Regulamento 1080/2006, do Parlamento e Consello de Europa** , de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, que recolle no art 6 as prioridades na cooperación territorial.
  3. **Regulamento (CE) 1828/2006 , da Comisión, de 8 de novembro de 2006**, que desenvolve o Regulamento (CE) 1083/2006 .
  4. **Decisión da Comisión Europea de 25 de outubro de 2007, que aproba o Programa operativo de cooperación transfronteriza España-Portugal (POTEC)**



# TRAMITACIÓN DO ARIEM 112

- Como fitos máis salientables descríbense os seguintes:
  - **Preparación do proxecto** : Iníciase no primeiro trimestre do ano 2010, e plásmase na cláusula 8 do Protocolo de Colaboración entre a Xunta de Galicia, A Comissao de Coordinación e Desenvolvemento Regional da Region Norte de Portugal e a Junta de Castilla-León; asinado o 20-01-2010.

No marco da preparación e definición dos obxectivos do proxecto tiveron lugar 2 reunións preparatorias :

    - 12-04-2010: para definir obxectivos
    - 19-04-2010: presentación do 1 borrador e propostas de accións e actividades
  - **Formalización da candidatura**: As 3 rexións participan no proxecto a través de : Axencia Galega de Emerxencias, 112-Castilla y León- Agencia de Protección Civil y Consumo e a CCDRE, que son os beneficiarios do ARIEM 112.

Corresponde a AXEGA, como beneficiario principal, a preparación do Formulario da Candidatura, coa identificación dos beneficiarios, definición do obxecto, descrición das accións encamiñadas á súa consecución e resultados previstos co establecemento dos indicadores necesarios para a súa comprobación. A este formulario acompáñase o denominado Formulario Financeiro no que se establece o custo do proxecto para cada beneficiario e as fontes de financiación, así como a distribución xeográfica das accións.
  - **Cartas de Compromiso**: Cada un dos beneficiarios comprométese por escrito ao cumprimento dos obxectivos e asumindo as obrigas e deberes que establece o marco xurídico do Proxecto.
  - **Acordo entre Beneficiario**: Documento que asinado polos representantes das rexións participantes ,recolle de modo solemne:
    - establecemento das modalidades de cooperación e determinación de responsabilidades.
    - designación do beneficiario principal (AXEGA) a quen corresponde a responsabilidade na dirección e xestión do proxecto ante a Autoridade de xestión, a de Certificación e a de Auditoría da Unión Europea.
  - **Remisión a o Secretariado técnico Conxunto do POCTEP da documentación anterior** : O Secretariado examina a documentación, e no seu caso require subsanación.
  - **Aceptación do Proxecto**: si se considera que cumpre os obxectivos en materia de cooperación, autorízase o Proxecto e comunícase ao Beneficiario Principal.